



Concello da Pobra do Caramiñal

Expte. n.º 3533/2020

RESOLUCIÓN

Despois de ve-la proposta de bases e a convocatoria elaboradas pola Concellaría da Normalización Lingüística e mais polo Servizo de Normalización Lingüística municipal xunto coa asociación Arrancadeira para a convocatoria dun premio de relatos e debuxos sobre o Nadal;

tras ve-lo art. 4 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e a disposición adicional 10.ª desta, e tendo en conta que neste caso non se trata de premios que se concedan sen a solicitude previa da persoa beneficiaria; e logo de ve-la fiscalización de conformidade da Intervención municipal (csv 9KA23HFJ6FERJWWL43TGLEX),

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aproba-las bases reguladoras e a convocatoria do concurso **A nosa pegada no Nadal** que se inclúen como anexo a esta resolución.

SEGUNDO.- Autoriza-la tramitación anticipada do gasto para a concesión do premio polo importe de 480,00 € que se imputarán á aplicación orzamentaria 334.22109 do exercicio 2021. A concesión dos premios quedará condicionada á existencia de crédito no exercicio 2021.

TERCEIRO.- Dispoñer que se dea publicidade ás presentes bases mediante a súa publicación no taboleiro de edictos da corporación e mediante carteis e folletos informativos e outros medios que sexan precisos para xeral coñecemento.

CUARTO.- Dar conta da presente resolución á Concellaría da Normalización Lingüística, á Intervención e á Tesouraría, así como ó Pleno da corporación na vindeira sesión que realice.

A Pobra do Caramiñal

O alcalde

O secretario

(documento asinado dixitalmente)

Concello da Pobra do Caramiñal

R/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 A Coruña. Tfno. 981843280

José Luis Piñeiro García (1 para 2)

ALCALDE

Data de Sinatura: 23/12/2020

HASH: c60109e7fe84d3154ee76329bd1e3c2e



Guillermo José Fernández López (2 para 2)

Secretario

Data de Sinatura: 23/12/2020

HASH: 499228a63016159cc470d3c7ccfd6a3f



DECRETO

Número: 2020-0926 Data: 23/12/2020



Cod. Validación: 69PLH2J9HGTZMPEWYG2ASTPLG | Corrección: <https://apobra.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 5



Concello da Pobra do Caramiñal

BASES DO CONCURSO A NOSA PEGADA NO NADAL

1. A asociación Arrancadeira e mailo Concello da Pobra do Caramiñal (por medio da Concellaría da Normalización Lingüística e mais do Servizo de Normalización Lingüística municipal) son os organizadores deste concurso.

2. TRABALLOS E FORMATOS:

2.1. Os relatos deberán estar escritos en galego e ter como temática o Nadal.

2.2. Os debuxos terán como temática central o Nadal e poderán estar feitos das técnicas que o autor ou autora considerar.

2.3. A entrega dos relatos debe ser en formato PDF e polo correo electrónico. A extensión máxima permitida será de 1500 palabras.

2.4. A entrega do debuxo debe ser polo correo electrónico. Para iso, pódese escanea-lo debuxo ou sacarlle unha foto na cal se aprecie a ilustración con claridade.

3. INSCRICIÓNS:

3.1. Cando se faga a inscrición, hai que indica-la categoría na cal se participa: relato curto/debuxo/ relato e debuxo.

Se se participar nas dúas opcións, terán que ser traballos independentes.

3.2. Unha vez realizada a inscrición, outorgaráselle a cada persoa un código de identificación para pór no relato e/ou debuxo, para poder garantir unha valoración o máis xusta posíbel, grazas ó anonimato.

3.3. A inscrición pódese facer mediante un *whatsapp* ou unha chamada ó 636811689, ou no correo arrancadeirapobra@hotmail.com e debe conte-los seguintes datos:

- a) NOME E APELIDOS
- b) DATA DE NACEMENTO

Concello da Pobra do Caramiñal

R/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 A Coruña. Tfno. 981843280

DECRETO

Número: 2020-0926 Data: 23/12/2020



Cod. Validación: 69PLH2J9HGTZMPWYGY2ASTPLG | Corrección: <https://apobra.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 5



Concello da Pobra do Caramiñal

c) DOCUMENTO DE IDENTIFICACIÓN

d) MODALIDADE(S) NA(S) CAL(ES) CONCURSA

e) NÚMERO DE TELF. DE CONTACTO f) CORREO ELECTRÓNICO

4. CATEGORÍAS:

4.1 Relato curto:

- 4.1.1 De 7 a 9 anos
- 4.1.2 De 10 a 12 anos
- 4.1.3 De 13 a 15 anos
- 4.1.4 A partir de 16 anos

4.2 Debuxo:

- 4.2.1 De 3 a 6 anos
- 4.2.2 De 7 a 10 anos
- 4.2.3 De 11 a 15 anos
- 4.2.4 A partir de 16 anos

5. PREMIOS:

- 5.1. Os premios serán un conxunto de vales para gastar en diferentes establecementos da vila.
- 5.2. Hai un total de 8 premios: **1 premio por cada categoría, por un valor total de 60 euros (sesenta euros).**

Cada persoa gañadora recibirá 2 vales de 30 euros, para consumir nos establecementos que quixer elixir. A lista de locais colaboradores co presente concurso estará publicada no perfil do Facebook da asociación Arrancadeira:

<https://www.facebook.com/profile.php?id=100010223742569>

Tamén constará a dita lista de establecementos colaboradores nos propios vales outorgados como premios.

Concello da Pobra do Caramiñal

DECRETO

Número: 2020-0926 Data: 23/12/2020





Concello da Pobra do Caramiñal

Se houber máis locais pobrenses que tamén se sumaren á presente iniciativa, as persoas gañadoras poderán gasta-los vales do premio en calquera deses locais, segundo a súa elección.

- 5.3.** O xurado poderá decidir que algunha das categorías queda sen premio, tras avalia-los relatos e debuxos que se presentaren ó concurso. De ser ese o caso, o importe correspondente ó dito premio non se repartirá entre as outras persoas premiadas.

6. PRAZOS:

- 6.1.** As e os participantes terán de prazo **ata 3 de xaneiro de 2021** para se inscribiren na modalidade ou nas modalidades correspondentes nas cales quixeren participar e para entregaren os traballos (relatos, debuxos ou ámbolos dous).

- 6.2.** Anunciaranse os galardoados e as galardoadas no **xoves 7 de xaneiro de 2021**.

7. XURADO E VALORACIÓNS:

- 7.1.** O xurado estará formado por 3 membros da asociación Arrancadeira e 2 membros do Concello.

- 7.2.** A valoración dos relatos será feita integramente polo xurado. A dos debuxos contará coa valoración do xurado no 50% e co 50% dos “gústame” que recibiren no noso perfil do Facebook seguinte:

<https://www.facebook.com/profile.php?id=100010223742569>

- 7.3.** Se algún traballo presentado non cumprir coas condicións das bases, quedará excluído.

- 8.** A participación no concurso implica a total aceptación das presentes bases e da valoración do xurado.

- 9.** No cumprimento da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, da protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais, os datos proporcionados por cada participante serán incluídos nun ficheiro propiedade da asociación Arrancadeira,

Concello da Pobra do Caramiñal

DECRETO

Número: 2020-0926 Data: 23/12/2020





Concello da Pobra do Caramiñal

para o seu tratamento. Ó participar neste concurso consente de forma expresa a incorporación e o tratamento dos ditos datos para a única finalidade da participación no concurso **A nosa pegada no Nadal**. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante un correo electrónico a arrancadeirapobra@hotmail.com.

10. As persoas que resultaren gañadoras do concurso, coa autorización expresa de quen teña a súa patria potestade, ceden á asociación Arrancadeira e ó Servizo de Normalización Lingüística do Concello da Pobra do Caramiñal os traballos presentados para posteriores exposicións e publicacións.

DECRETO

Número: 2020-0926 Data: 23/12/2020



Cod. Validación: 69PLH2J9HGTZMPEWYG2ASTPLG | Corrección: <https://apobra.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5

Concello da Pobra do Caramiñal

R/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 A Coruña. Tfno. 981843280